



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, sendo venres 3 de xullo de 2020, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: Decreto de candidatos aprobados e requerimento de documentación - Selección personal laboral temporal - Socorrista - 2 meses - Fomento do Emprego [Xunta de Galicia].

EXPEDIENTE TEDEC: 2020/G003/000134 (Decreto).

EXPEDIENTE TEDEC: 2020/E001/000004 (Emprego).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vistas as bases xerais que rexen a convocatoria do concurso – oposición para a contratación laboral temporal de un socorrista ó abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades para o exercicio 2020 cofinanciado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, aprobadas por Decrto de Alcaldía nº 86/2020, de 4 de xuño de 2020.

Vista a tramitación do expediente do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de un socorrista ó abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades para o exercicio 2020 cofinanciado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, efectuada a través do Decreto de Alcaldía nº 114/2020, de 26 de xuño de 2020 e do Decreto de Alcaldía nº 115/2020, de 30 de xuño de 2020.

Vista a acta do tribunal do proceso selectivo mediante a que se puntúan as probas das fases de concurso e oposición conforme ó disposto no punto cuarto e no Anexo I das bases, que se transcribe a continuación:

“ACTA DO PROCESO SELECTIVO PARA PROVISIÓN URXENTE, POLO SISTEMA DE CONCURSO/OPOSICIÓN, DUN/HA SOCORRISTA PARA A PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILASANTARA 40 HORAS SEMANAIS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

EXPTE 2020/E001/000004

Na Casa Consistorial de Vilasantar, sendo as 10:00 horas do día 3 de xullo de 2020, reúnen os membros do Tribunal que han de xulgar as probas selectivas para a provisión urxente, polo sistema de concurso/oposición, dun/ha socorrista para a piscina municipal do concello de Vilasantar. As bases que rexen esta convocatoria foron publicadas no Taboleiro de Anuncios, no Portal de Transparencia e na páxina web do Concello.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)
1/5



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

MEMBROS DO TRIBUNAL:

Presidenta: Isabel Novo López, funcionaria do concello de Vilasantar.

Secretaria: Mercedes Costoya Cortés, personal laboral do concello de Vilasantar.

Vogal: Mónica Remeseiro López, personal laboral do concello de Sobrado dos Monxes.

Vogal: Trinidad Veiras Freire, personal laboral do concello de Vilasantar.

Vogal: Alberto Labandeira Fontecoba, personal laboral do concello de Vilasantar.

Acto seguido o Tribunal procede a revisar a fase de concurso dando como resultando o reflexado na seguinte táboa:

RESULTADO DEFINITIVO DA FASE DE CONCURSO:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	5.2.3 a)	5.2.3 b)	Total Puntos
			Experiencia Profesional	Formación	
			<i>Máx 2 ptos</i>	<i>Máx 2 ptos</i>	<i>Máx 4 ptos</i>
1	Varela Castro, Antonio	793307**R	2	2	4

A continuación o Tribunal debate e elixe as preguntas a realizar na entrevista técnica polas persoas aspirantes, e se procede á publicación de méritos dos candidatos no taboleiro de anuncios.

A continuación, procédese á realización do exercicio da fase de oposición, segundo o establecido no Anexo I da convocatoria, que consistirá na realización dunha entrevista técnica, dacordo co programa que se inclúe como anexo ás bases, e ambos referidos ás materias comprendidas no anexo da convocatoria.

En primeiro lugar, procédese ó chamamento das persoas aspirantes que se presentan, segundo a relación de candidatos remitida pola Oficina de Emprego de Melide en contestación á oferta de emprego con número 12-2020-4315, que son as que figuran na táboa anterior.

Os membros do tribunal expoñen ós aspirantes as cuestións que se lles van a plantear, e que se atopan plasmadas e escritas nun folio, e vanse plantexando e aclarando a medida que van contestando cada unha de forma oral.

Unha vez finalizada esta proba e despois do exame e da deliberación de todos e cada un dos membros do Tribunal, a puntuación total que resulta de dita proba da fase de oposición é a que figura no cadro que se inserta a continuación:

RESULTADO DA FASE DE OPOSICIÓN:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)
2/5



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Total Puntos Máx 6 ptos
1	Varela Castro, Antonio	793307**R	5

Á vista das puntuacións obtidas nas distintas fases -concurso, oposición e tendo en conta que os aspirantes acreditaron o seu coñecemento de lingua galega e quedan exentos de realizar a proba correspondente, as puntuacións das persoas aspirantes, ordeadas de forma decrecente, son as que se insertan a continuación:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Total puntos fase de concurso Máx 4 ptos	Total puntos fase de oposición Máx 6 ptos	Total Puntos Máx 10 ptos
1	Varela Castro, Antonio	793307**R	4	5	9

Finalizado o proceso selectivo, o tribunal ordena a publicación dos resultados das distintas probas realizadas, e propón ás persoas citadas anteriormente, pola orde de puntuación obtida, para contratación da praza de socorrista do concello de Vilasantar, tal e como se establece na base 5 da convocatoria.

De todo o exposto, exténdese a presente acta ás 10:30 horas do día que figura no encabezamento, a cal asinan os membros do tribunal e da que eu, secretaria, dou fe.”

Vistos os puntos quinto e seguintes das referidas bases no que se regulan os trámites posteriores á fase de oposición por parte do tribunal.

Visto que una vez rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal publicou no Taboleiro de Edictos do Concello, na páxina web e no portal da transparencia a relación de aspirantes declarados aptos e non aptos, así cmo aqueles non presentados.

Visto que o Tribunal presentou ante esta Alcaldía a proposta dos candidatos que obtiveron a cualificación de aptos para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas.

Visto que o aspirante proposto deberá achegar os seguintes documentos en virtude do punto quinto das referidas bases:

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)
3/5



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

toma de posesión.

- Documentación orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados na fase de concurso.

Dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réximen xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local

Segundo: Resolver o proceso selectivo aprobando a lista definitiva de persoas que superaron o proceso selectivo para a contratación laboral temporal de un socorrista ó abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades para o exercicio 2020 cofinanciado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Total puntos fase de concurso <i>Máx 4 ptos</i>	Total puntos fase de oposición <i>Máx 6 ptos</i>	Total Puntos <i>Máx 10 ptos</i>
1	Varela Castro, Antonio	793307**R	4	5	9

Terceiro: Proceder a requerir a documentación á que fai referencia o punto décimo das bases que rexen o presente proceso selectivo:

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.
- Documentación orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados na fase de concurso.

Cuarto: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vilasantar para coñecemento xeral, a efectos de notificación, conforme ó disposto polo artigo 45 da Lei 39/2015.

Contra a presente resolución, que pone fin á vía administrativa, os interesados poden interpor os seguintes recursos que se expresan a continuación:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)
4/5



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

De reposición potestativo, no prazo dun mes, a contar dende o seguinte día hábil á publicación desta resolución, ante o mesmo órgano municipal que dictou o acto impugnado, conforme ó establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.

A interposición do recurso de reposición, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado, dacordo co disposto no art. 117 da Lei 39/2015.

Ou ben interpor directamente recurso contencioso administrativo, sen necesidade de interpor previamente o recurso de reposición potestativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte día hábil á publicación de esta resolución, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contenciosa administrativa.

No caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen perxuízo da interposición de cualquier outro recurso que Vd., estime convinte.

Quinto: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.